

Nos últimos 7 días cómo subiu ou baixou as escaleiras o usuario. Se non subiu nin baixou as escaleiras, rexístrala a súa capacidade de facelo.

\* SOBE E BAIXA SEN AXUDA 0

\* SOBE E BAIXA CON AXUDA 1

\* NON SUBIU NIN BAIXOU, INCAPAZ DE FACELO 1,5

Portomarin dezanove de agosto de dous mil trece.- O Alcalde, Juan Carlos Serrano López

R. 3318

### Anuncio

En sesión celebrada con data trece de agosto de dous mil trece, e de conformidade co disposto na Disposición Adicional única da vixente ordenanza de Prezo Público pola prestación de servizos no Albergue Virxe da Luz (Portomarin) e no Pavillón Municipal que sinala que "a determinación da contía das tarifas previstas nesta Ordenanza poderán ser acordadas pola Xunta de Goberno Local, dando conta ao Pleno do Concello", a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte:

**Primeiro.-** A aprobación provisional da modificación da ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de servizos no albergue Virxe da Luz e no Pavillón Municipal, artigo 3º CONTIA, que quedará do seguinte xeito:

#### ARTIGO 3º. CONTIA

As contías dos prezos públicos regulados nesta ordenanza serán os seguintes:

- Tarifa por utilización de cama-litera no albergue Virxe da Luz: 6 €/noite
- Tarifa por utilización de colchonetas no albergue Virxe da Luz: 5 €/noite.
- Tarifa por utilización colchonetas no Pavillón Municipal: 3 €/noite.

Sometense a información pública e audiencia dos interesados por prazo de trinta días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación do presente no BOP.

De conformidade co establecido no artigo 17.4 do Real Decreto-Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que transcurrido o prazo de trinta días hábiles de información pública sin que exista reclamación algunha, quedará automaticamente elevado a definitivo o citado acordo.

Portomarin dezanove de agosto de dous mil trece.- O Alcalde, Juan Carlos Serrano López

R. 3319

### Anuncio

En sesión celebrada con data trece de agosto de dous mil trece a Xunta de Goberno Local acordou aproba-las bases elaboradas para a contratación Laboral temporal a tempo parcial de dous/dúas limpadores/as de edificios municipais e outras dependencias (substitución mentres non se desenvolva o proceso selectivos para a provision das prazas como persoal laboral fixo) mediante concurso - oposición, as cales se transcriben a continuación:

#### BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL A TEMPO PARCIAL DE DOUS/DÚAS LIMPADORES/AS DE EDIFICIOS MUNICIPAIS E OUTRAS DEPENDENCIAS (SUBSTITUCIÓN MENTRES NON SE DESENVOLVA O PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DAS PRAZAS COMO PERSOAL LABORAL FIXO) MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN.-

##### 1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.-

Constitúe o obxecto da convocatoria a provisión de dúas prazas, Grupo A.P. (antigo grupo E) de limpador/a de edificios municipais e outras dependencias (Centro de saúde, Colexio público, Casa do Concello, Casa do Secretario, Casa da Cultura, Pavillón Municipal e Albergue Municipal). **Selección mediante concurso-oposición.**

**CONTRATACIÓN E DURACIÓN CONTRATO:** A contratación é como persoal laboral-temporal, a tempo parcial (30 horas semanais, equivalentes a un 75% da xornada) e a duración do contrato extenderase ata a data de provisión das prazas con persoal laboral fixo, é dicir, ata a definitiva provisión das prazas creadas por acordo Pleno do 29 de maio de 2.013, unha vez a lexislación o permita. Contrato de interinidade previsto no artigo 4 do R.D. 2720/1998, do 18 de decembro, que desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores..

A presente convocatoria publicarase íntegra no **Boletín Oficial da Provincia de Lugo** e no **Taboleiro de Anuncios do Concello**, e un extracto da mesma na páxina web do Concello

